

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.<sup>a</sup>,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 19.01.2017      Hora: 16:00

A Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de xaneiro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986**

**Punto 2. Elección da vicepresidenta ou vicepresidente**

**Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión**

- 3.1 592 (10/PNC-000032)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do Pedregal de Irimia, no concello de Meira, o acuífero matricial do Miño e o seu contorno  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016*
- 3.2 809 (10/PNC-000068)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa compra pública alimentaria e o uso de organismos modificados xeneticamente nos menús dos centros públicos dependentes dela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016*
- 3.3 1009 (10/PNC-000090)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David  
Sobre a modificación polo Goberno galego da Lei 7/2013, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no relativo á competencia do deslindamento dos montes veciñais en man común  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016*
- 3.4 2298 (10/PNC-000236)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre a actualización, axilización e implementación polo Goberno galego do pagamento das indemnizacións aos gandeiros afectados polos ataques

do lobo

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016*

- 3.5            2597 (10/PNC-000269)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 5 máis  
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas necesarias que permitan poñer á disposición dos produtores sementes certificadas que garantan a procedencia da variedade e a calidade da faba  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016*
- 3.6            2601 (10/PNC-000271)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
González Vázquez, José e 6 máis  
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para completar os instrumentos normativos de reestruturación e mobilización de terra agraria produtiva como mecanismo para corrixir a falta de base territorial das explotacións agrogandeiras  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017

Moisés Blanco Paradelo  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.<sup>a</sup>, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente

Moisés Blanco Paradelo

P

Secretario

José Manuel Pérez Seco

S

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez

P

Silvestre José Balseiros Guinarte

P

Carlos Gómez Salgado

P

José González Vázquez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

Paula Quinteiro Araújo

EM

José Antonio Quiroga Díaz

S

José Luis Rivas Cruz

BNG

David Rodríguez Estévez

EM

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 19.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 19.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2. Elección da vicepresidenta ou vicepresidente

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 19.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 19.01.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

3.1        592(10/PNC-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego  
para a protección do Pedregal de Irimia, no concello de  
Meira, o acuífero matricial do Miño e o seu contorno

*Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016*





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2016 12:37**  
**Nº Rexistro: 592**  
Data envío: 02/11/2016 12:37:16.050

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e das deputadas **Xosé Luís Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

O Pedregal de Irimia é unha paraxe situada no municipio de Meira. Nas estribacións da serra do mesmo nome hai un berce natural onde se recollen e corren subteraneamente as primeiras augas que dan orixe ó principal río de Galicia: o Miño.

Trátase dun lugar de beleza singular e dun interese xeográfico e cultural de primeiro orde, sendo así mesmo un símbolo para o País galego e as súas xentes.

Nos últimos tempos, falamos de decenios, este paraxe era un monte pelado nos seus arredores, con acceso para coches e un xeito de área recreativa que lle dá valor natural.

Nestes últimos cinco ou seis anos efectuáronse plantacións de eucaliptos que ameazan os acuíferos e a normal paisaxe destruindo o seu valor anteriormente expresado.

Por todo o exposto anteriormente fórmase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2016 12:37**  
**Nº Rexistro: 592**  
Data envío: 02/11/2016 12:37:16.050



**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Protexer o Pedregal de Irimia deseñando un plan de protección específico que preserve o acuífero e o seu entorno.

-Que a Xunta e Galicia conxuntamente co Concello de Meira se faga coa titularidade dunha ampla área circundante para poder actuar nela e facer do lugar punto de respecto e símbolo da consideración que os pobos cultos teñen cos seus lugares simbólicos e de interese.

-Eliminar as plantacións de eucaliptos que ameazan o acuífero matricial do Miño.”

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luís Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luís Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2016 12:37**  
**Nº Rexistro: 592**  
Data envío: 02/11/2016 12:37:16.050

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 12:34:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 12:34:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 12:34:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 12:34:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 12:34:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 12:34:33**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 19.01.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

3.2        809(10/PNC-000068)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa compra pública alimentaria e o uso de organismos modificados xeneticamente nos menús dos centros públicos dependentes dela

*Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, a través do seu deputado e portavoz suplente, **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A compra de alimentos sempre ten efectos no noso entorno. O que consumimos afecta ao mundo no que vivimos.

A Xunta de Galicia, no proceso de compra para os establecementos que dependen dela, tamén produce un efecto económico, ambiental, social e educativo no seu entorno.

As distintas administracións públicas poden xogar un papel fundamental, entre outros roles, como axentes compradores.

A alimentación de proximidade ten unha serie de beneficios recoñecidos unanimemente e son especialmente significativos cando se aplican nas escolas, os hospitais ou os bancos de alimentos, tres dos grandes sectores da compra pública alimentaria. De aí vén, en parte, a elección da compra pública como espazo onde cambiar a alimentación altamente procesada e industrializada, surtida de alimentos de longa distancia, a outra baseada nunha alimentación de proximidade, producida polo agricultor familiar e cunha relación moito máis estreita entre quen produce os alimentos e quen os consume.

Polo tanto, o obxectivo principal debería de ser aumentar a porcentaxe de compras e as contratacións públicas alimentarias con base local.

Algúns dos beneficios ambientais dos sistemas alimentarios locais son unha redución da emisión de gases de efecto invernadoiro (recordemos que o sistema alimentario globalizado representa case a metade das emisións), unha menor demanda enerxética e especificamente de enerxía fósil (a base do sistema alimentario globalizado é o petróleo necesario para fertilizantes, praguicidas, mecanización, transporte ou envasado), unha menor contaminación (a principal industria contaminante a escala europea é a alimentaria), ou poñer un freo á alarmante perda de biodiversidade agrícola e de espazos agroambientais, entre outros.

En canto a beneficios socioeconómicos encontrámonos con que os mercados locais xeran máis emprego local e máis diverso, xeran máis economía local (por cada euro que se inviste nestes sistemas chéganse a xerar máis do dobre de ingresos locais que no sistema globalizado) e supoñen unha das poucas saídas para un sector agrario en crise dende hai anos e abandonado ao enorme poder que ostenta a industria e a distribución na cadea agroalimentaria dominante. Para o sector agrario familiar a venda de proximidade aparece como unha oportunidade de escapar desas cadeas alimentarias pilotadas por un pequeno grupo de corporacións con cada vez maior poder. Os mercados locais son ferramentas que facilitan que os terreos agrarios sexan economicamente rendibles e capaces de dotar dun nivel de vida axeitado aos e ás traballadoras e ás súas familias.

A viabilidade das actividades agrarias é clave para o mantemento dunha agricultura e un medio rural vivos. E o medio rural é importante para os que viven nel e para os que non.

E, por último, encontramos os beneficios referentes á saúde e a calidade dos alimentos que comemos. No concenrente á calidade nutricional, se ben todos os factores que afectan a calidade nutricional (tipo e variedade do alimento,



método de produción, manexo postcolleita, almacenamento, elaboración e acondicionamento), son igualmente aplicables a produtos agrícolas que son producidos local ou globalmente. Se se opta por fontes locais para satisfacer as necesidades alimenticias, estes alimentos teñen máis potencia para manter o seu punto óptimo de nutrientes. En canto á saúde, non debemos esquecer que, en contra do que ás veces podemos pensar, canto máis complexa e longa é a cadea alimentaria, canto máis se afasta de nós, máis risco existe. Isto está admitido por estas normativas sanitarias europeas que permiten máis flexibilidade aos mercados locais xustamente polo seu menor risco respecto aos seus colegas globais.

Os criterios que rexen a contratación pública deben evolucionar dende un criterio baseado exclusivamente na obxectividade e a rendibilidade económica a unha perspectiva que incorpora aspectos sociais e ambientais como elementos a ter en conta na valoración dunha oferta.

A Comisión Europea incluíu os servizos de restauración como un dos 10 sectores prioritarios nos que impulsar a introdución de criterios de sostibilidade ambiental e é de esperar que nos próximos anos estean presentes en todas as licitacións.

A Xunta de Galicia ten que exercer unha labor activa na defensa de criterios de consumo que respecten os dereitos dos traballadores e traballadoras, que sexan respectuosos ambientalmente e que fomenten a economía local e os circuítos curtos de comercialización.

Tanto pola labor exemplarizante coma polas grandes cantidades consumidas polos organismos dependentes da Xunta de Galicia, esta pode xogar un papel decisivo neste vieiro.

Por todo o anterior, o Grupo de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2016 12:33  
Nº Rexistro: 809  
Data envío: 07/11/2016 12:33:27.684



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Asumir o compromiso político de incorporar criterios de fomento dos alimentos de proximidade, de produción familiar e ecolóxica nas compras públicas alimentarias nos centros dependentes da administración autonómica.
- 2) A elaborar, no primeiro semestre do ano 2017, un Plan de Incentivación da compra pública alimentaria responsable que priorice a alimentación local e saudábel, coa introdución de criterios de implantación progresiva, con obxectivos concretos e que conte cun estudo económico, financeiro e educativo.
- 3) Prohibir o uso de *“Organismos Modificados Geneticamente (OMG)”* nos menús dos centros públicos dependentes da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/11/2016 12:32:27**



Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 19.01.2017

Hora: 16:00

Orde do día

3.3 1009(10/PNC-000090)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a modificación polo Goberno galego da Lei 7/2013, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no relativo á competencia do deslindamento dos montes veciñais en man común

*Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Paula Quinteiro Araujo e David Rodríguez Estévez** e a través do seu portavoz **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.<sup>a</sup>**, en prol de **modificar a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, na súa sección 2<sup>a</sup> (deslindamento dos montes veciñais en man común).**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ata a entrada en vigor da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, a Consellería de Medio Rural tiña a competencia de realizar os deslindes nos montes veciñais da Galiza.

A Xunta de Galicia incumpre esta obriga por varios motivos:

1. Case non realizou deslindes de MMVVMC.
2. Intenta arranxar este incumprimento da propia administración eliminando esta competencia súa ao transferirille a obrigatoriedade ás comunidades de montes.
3. Dita o decreto de reinvestimento obrigado nos MMVVMC, e obrígalle ás comunidades de montes a realizar o seu deslinde.

Todo isto resúmese en que a propia Consellería de Medio Rural impide a capacidade de decidir da veciñanza comuneira nas súas terras.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/11/2016 16:30**  
**Nº Registro: 1009**  
Data envío: 10/11/2016 14:30:55.579



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a modificar a Lei 7/1012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, no seu Cap. V, sección 2ª, no que atinxe ao deslindamento dos montes veciñais en mán común, no sentido que o deslindamento dos montes volva a ser competencia da Consellería de Medio Rural.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 10/11/2016 14:28:26**

**David Rodríguez Estévez na data 10/11/2016 14:28:47**

**Luis Villares Naveira na data 10/11/2016 14:29:02**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 19.01.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

3.4        2298(10/PNC-000236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a actualización, axilización e implementación polo  
Goberno galego do pagamento das indemnizacións aos gandeiros  
afectados polos ataques do lobo

*Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/12/2016 16:49  
Nº Rexistro: 2298  
Data envío: 14/12/2016 16:49:27.307

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

As explotacións do concello de Vilasantar veñen recibindo de forma continuada os ataques do lobo. En menos dunha semana na Parroquia de Présaras producíronse tres ataques en dúas granxas cun un total de 16 animais mortos e varios feridos. Estes ataques estanse producindo preto das casas e incluso cando unha das explotacións contaba coa protección de dous mastíns.

No mes de agosto mata 15 ovellas e 5 anos, estes de entre cinco a seis meses de idade. O día seis deste decembro son 4 anos e 6 ovellas. Na noite do dez para o once matou 2 cabras, 1 año de dous meses e feriu o castrón. Neste caso trátase dunha explotación en extensivo de ovino-caprino, con animais de raza e calidade. Non é unha explotación residual ás que nos condenaron as políticas do PP tras o abandono case forzado das explotacións leiteiras de carácter familiar. E suman, neste caso, nos últimos catro anos, 143 cabezas mortas na mesma explotación que, ben deita, ten seguro propio e xa ven, van tirando.

Se o caso fose sinxelamente a persecución dunha manda de lobos a unha explotación aillada, o problema non sería tanto. O caso é que estes ataques estanse dando tamén en toda a comarca, (en Mesía os ataques foron a vacas), e noutras zonas do territorio de Galicia.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/12/2016 16:49**  
**Nº Rexistro: 2298**  
Data envío: 14/12/2016 16:49:27.307

O axente do Seprona asiste ós feitos, dá fe de que é lobo e... máis nada. A Administración ten abandonado o sector que está á súa sorte.

Esta manda actúa sen importarlle a presenza da xente e come de forma permanente gando xa que temos constancia dos animais identificados pero loxicamente falta por contabilizar os animais non rexistrados.

A situación de perigo que se esta a dar esixe unha actuación decidida por parte da Consellería de Medio Ambiente.

Ó mesmo tempo é necesario que a administración se faga cargo do pago das indemnizacións ós gandeiros afectados nun prazo curto de tempo e de forma que cubra a totalidade dos danos. Non é de recibo que neste ano se estean pagando indemnizacións do ano 2014.

A Xunta de Galicia non esta a poñer as medidas necesarias para paliar os danos, está diminuíndo as axudas para que os gandeiros tomen medidas preventivas, menos cartos para os cans, menos cartos para os peches,..

Só se contabilizan as cabezas de gando mortas, as que quedan danadas se non morren e os abortos, que en certas épocas son especialmente graves para a economía da explotación, non se contabilizan.

Dito isto, hai unha pregunta que nos formulamos que é se ten o Goberno galego en conta os animais sacrificados que "en certa medida" pertencen a esa gandeiría clandestina de autoconsumo que vostedes provocan co seu abandono da sociedade rural, o seu envellecemento e as súas medidas de control que moita xente non comprende.

Desde o BNG non estamos en contra da pervivencia do lobo, o que non comprendemos é o desamparo a que o goberno do PP ten sometida a poboación das aldeas que saben que non hai compensación razoable para as perdas ocasionadas polo



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/12/2016 16:49**  
**Nº Rexistro: 2298**  
Data envío: 14/12/2016 16:49:27.307

lobo, porco bravo e outras especies que sendo un luxo lexítimo e necesario no concepto medioambiental que compartimos é tamén un luxo que socialmente debemos pagar ós perxudicados.

Por todo isto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galicia insta ó Goberno galego a actualizar, axilizar e implementar as indemnizacións como cuestión de xustiza debida, e como protección ó concepto medioambiental conservacionista das especies autóctonas.”

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/12/2016 16:49  
Nº Rexistro: 2298  
Data envío: 14/12/2016 16:49:27.307

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/12/2016 16:41:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/12/2016 16:41:43**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/12/2016 16:41:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/12/2016 16:41:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/12/2016 16:41:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/12/2016 16:41:57**



Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 19.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

3.5 2597(10/PNC-000269)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 5 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas necesarias que permitan poñer á disposición dos produtores sementes certificadas que garantan a procedencia da variedade e a calidade da faba

*Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016*

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, José González Vázquez, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión** polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

### Exposición de motivos

O produto amparado dende 2008 baixo a Indicación Xeográfica Protexida Faba de Lourenzá, cuxa área de produción e envasado abarca o territorio da Mariña de Lugo, que engloba aos concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, presenta unhas peculiaridades que a fan única.

Así, as fabas comercializadas baixo o amparo destas IXP teñen, entre outras características diferenciadoras, forma de ril; cor branca uniforme; tamaño moi grande; escasa proporción de pel; elevada capacidade de absorción de auga, e un comportamento en cocción excepcional, que permite ó final do proceso grans enteiros e completos, que destacan pola pastosidade da pulpa.

Son, en definitiva, unhas fabas secas, procedentes da familia das fabáceas ou leguminosas, especie *Phaseolus vulgaris*, L, da variedade coñecida como Faba Galaica.

Co obxectivo, tanto de protexer a calidade deste produto como de garantir a continuidade do seu cultivo, e tendo moi presente a repercusión económica e promocional que a súa explotación supón para a zona xeográfica indicada, é polo que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para en Comisión:



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/12/2016 18:03  
Nº Rexistro: 2597  
Data envío: 26/12/2016 18:03:34.315**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que impulse as medidas necesarias que permitan poñer a disposición dos produtores semillas certificadas que garantan tanto a procedencia da variedade da faba como a súa calidade”.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 26/12/2016 17:49:41**

**Raquel Arias Rodríguez na data 26/12/2016 17:49:51**

**Moisés Blanco Paradelo na data 26/12/2016 17:49:59**

**José González Vázquez na data 26/12/2016 17:50:06**

**Carlos Gómez Salgado na data 26/12/2016 17:50:31**

**Carlos Enrique López Crespo na data 26/12/2016 17:50:55**

**Daniel Vega Pérez na data 26/12/2016 17:51:03**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 19.01.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

3.6        2601(10/PNC-000271)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para completar os instrumentos normativos de reestruturación e mobilización de terra agraria produtiva como mecanismo para corrixir a falta de base territorial das explotacións agrogandeiras

*Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/12/2016 18:04  
Nº Rexistro: 2601  
Data envío: 26/12/2016 18:04:33.956

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do **seu Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputada, **José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Enrique López Crespo, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre José Balseiros Guinarte, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160, e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión** polo tramite de **urxencia**.

#### Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

#### Exposición de motivos:

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 contén unha análise DAFO que identifica 21 deficiencias que afectan a noso país. Destas 21 deficiencias, hai dúas que están especialmente relacionadas coa estrutura territorial das nosas explotacións:

#### **Deficiencia 09: Debilidade estrutural da agricultura e D 12: Atomización da produción:**

Galicia suma un total de 647.600 ha de superficie agraria útil. O 98 % das 81.170 explotacións contan con superficie, aínda que a escasa dimensión da SAU e o elevado número de parcelas e unha constante definitoria da estrutura agraria das explotacións galegas. A media por explotación e de 8,2 ha, valor moi inferior a media de España (24,0) ou a da UE27(14,3). Por outra banda, mais do 63% teñen unha SAU inferior a 5 ha e apenas o 10 % supera as 20 ha. O elevado número de explotacións e a súa escasa dimensión dificulta o acceso a economías de escala e reduce a capacidade de negociación na comercialización.

O noso programa de goberno plantea propostas para acadar un rural multifuncional, vivo e dinámico, respectuoso co medio ambiente e coa paisaxe e onde se desenrole

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/12/2016 18:04  
Nº Rexistro: 2601  
Data envío: 26/12/2016 18:04:33.956

unha produción agro-gandeira de calidade. Para chegar a conseguir o obxectivo de facer do medio rural un lugar axeitado para vivir, e con incremento económico, deberanse conxugar esforzos en varias áreas de actuación.

De maneira sinalada temos que loitar contra as deficiencias estruturais coma as que afectan a escasa base territorial das nosas explotacións. Para iso, faise necesario por en marcha mecanismos de reestruturación e mobilización das terras produtivas.

Neste senso, debemos impulsar os mecanismos recollidos na Lei de mobilidade de terras e a Lei de mellora da estrutura agraria de Galicia (METAGA), aprobadas nas últimas lexislaturas:

- Impulsamos a reestruturación parcelaria como instrumento destinado a mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias galegas, atendendo a criterios de ordenación axeitada e sustentable dos mesmos e dos seus cultivos, perseguindo a súa utilidade económica e social, co fin de fixar poboación no rural. Neste eido, xa hai un compromiso firme do goberno de pechar nesta lexislatura todos os procesos de concentración parcelaria abertos en 132 zonas, que afectan a 117.133 hectáreas e 91.554 propietarios.
- Apostamos polas reestruturacións parcelarias feitas por particulares, como estratexia de participación de abaixo cara arriba no deseño do territorio, conforme ás necesidades das súas explotacións.
- Colaboramos e favorecemos as agrupacións e permutas entre particulares utilizando os instrumentos xa en marcha como a propia METAGA (registro gratuito das fincas resultantes), e co programa de Impostos Cero no rural coma mecanismo que elimina os obstáculos fiscais a mobilización de terra no rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar decididamente e completar os instrumentos normativos de reestruturación e mobilización de terra agraria produtiva como mecanismo para corraxir a falta de base territorial das explotacións agro-gandeiras do noso país.”



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/12/2016 18:04  
Nº Rexistro: 2601**  
Data envío: 26/12/2016 18:04:33.956

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 26/12/2016 17:59:31**

**José González Vázquez na data 26/12/2016 17:59:40**

**Moisés Blanco Paradelo na data 26/12/2016 17:59:51**

**Carlos Enrique López Crespo na data 26/12/2016 17:59:56**

**Raquel Arias Rodríguez na data 26/12/2016 18:00:06**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 26/12/2016 18:00:15**

**Carlos Gómez Salgado na data 26/12/2016 18:00:22**

**Daniel Vega Pérez na data 26/12/2016 18:00:30**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)